



SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 23 DE SETEMBRO

DE 2016

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e trinta minutos do día vinte e tres de setembro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión extraordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 445 de data 18 de marzo de 2016: don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós, dona Leonor Fernández Grande, dona Elisa Pestonit Barreiros, dona Maria Jesús Gómez González, don Ramón Boga Moscoso e dona Josefa Vázquez Soto.

Faise constar que asiste á sesión dona M^a Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia, isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona M^a Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Adjudicación, á empresa "Jardinería Arce, S.L.", no importe de 342.430,00 euros IVE incluído, da obra incluída no Plan de Acción Social (PAS) 2015, "Instalación de céspede artificial e rega no campo de fútbol 'Os Pinares', Brexo-Lema"

Visto o expediente de contratación incoado co nº 2016/C003/000007 para a adjudicación, por procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración, da obra incluída no Plan de Acción Social (PAS) 2015, "**Instalación de céspede artificial e rega no campo de fútbol "Os Pinares", Brexo-Lema"**", cun importe de execución por contrata de 492.102,54 euros IVE incluído, (Expediente: 2016/C003/000007).

Visto o informe emitido coa data do 25 de agosto de 2016, polo Comité de Expertos designado por acordo da Xunta de Goberno Local municipal do día 17 de agosto actual, consonte á cláusula 15.1 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente, e mailo informe emitido o 5 de setembro seguinte polo arquitecto municipal, dos que resulta proposta de adjudicación a prol da entidade licitadora "Jardinería Arce, S.L.", que foi a que obtivo unha maior puntuación en aplicación dos criterios que constan na cláusula 15.3 e Anexo IV do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, obtendo unha puntuación total de 97,00 puntos, polo que propón que se lle adjudique a antedita obra, no importe ofertado de 342.430,00 euros, IVE incluído.



Vista a proposta de adjudicación formulada pola Mesa de Contratación do Concello de Cambre con data do 9 de setembro de 2016,

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adjudicatario o prazo de dez días hábiles, para que presentase a documentación contemplada nas cláusulas 12.1 e 16.1 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 151.2 do Real decreto legislativo 3/2011 do 14 de novembro, que aproba o Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, e máis no Anexo I ao prego-tipo que rexe a presente contratación, este achegou en prazo a documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e técnica, e dispoñer dos medios persoais e materiais suficientes, segundo informe do arquitecto municipal de data 16 de setembro de 2016

Vistos os informes que constan no expediente, emitidos pola técnica de xestión de Administración xeral, coa conformidade da secretaria accidental, asinados con datas dos días 19 e 20 de setembro de 2016.

Visto o establecido na cláusula 16 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 151 e 152 do Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, aprobado por RD Legislativo 3/2011.

Vista proposta da Alcaldía, de data 20 de setembro de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, acordou:

Primeiro: Declarar válida a licitación, admitindo nela aos licitadores que a seguir se relacionan, ao ter presentado a súa proposición coa documentación e requisitos esixidos na cláusula 12.I. do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que rexen a presente contratación:

- Mondo Ibérica, S.A.
- Obras y Viales de Galicia, S.L. (OVIGA)
- Alvac, S.A.
- Lancer Proyectos y Obras, S.A.
- Construcciones Ponciano Nieto, S.L.
- Canarga, S.L.
- Mecano Sport, S.L.
- Jardinería Arce, S.L.
- Galitec Desarrollos Tecnológicos, S.L.
- Calfensa Proyectos, S.L.
- Construcciones Navila, S.L.

Segundo: Tendo en conta os acordos adoptados pola Mesa de Contratación Permanente do Concello de Cambre con data do 1 de setembro de 2016, excluír do procedemento licitatorio ás empresas que a seguir se relacionan, de conformidade co informe emitido o 25 de agosto actual polo Comité de Expertos designado consonte á cláusula 15.1 do prego-tipo, segundo acordos adoptados pola Mesa de Contratación Permanente do Concello de Cambre con data do 09/08/16 e pola Xunta de Goberno Local de Cambre con data do 17 de agosto seguinte, ao abeiro do



establecido no artigo 145 do RD Legislativo 3/2011 do 14 de novembro, (Texto Refundido da Lei dos contratos do sector público), e arts. 80 e 83.5 do RD 1098/2001 do 12 de outubro, (Regulamento xeral da Lei dos contratos das Administracións Públicas), debido aos incumprimentos nas condicións técnicas contempladas no proxecto que se indican a continuación:

Empresa Licitadora	Causa da exclusión
Mundo Ibérica, S.A.	Excluída da licitación, por non cumprir coas condicións técnicas contempladas no proxecto de obra, (art. 145 RDL 3/2011, arts. 80 e 83.5 do RD 1098/2001), debido a: <ul style="list-style-type: none"> - Espesor da fibra distinta á contemplada no proxecto (esixido 240 mm, e ofertado 400 mm, que resulta máis abrasivo)
Canarga, S.L.	Excluída da licitación, por non cumprir coas condicións técnicas contempladas no proxecto de obra, (art. 145 RDL 3/2011, arts. 80 e 83.5 do RD 1098/2001), debido a: <ul style="list-style-type: none"> - Non contempla as tres capas de lastrado contempladas no proxecto, senón soamente dúas capas de 15 e 15 kg/m² de area e caucho - Espesor da fibra distinta á contemplada no proxecto (esixido 240 mm, e ofertado 400 mm, que resulta máis abrasivo)
Obras y Viales de Galicia, S.L.	Excluída da licitación, por non cumprir coas condicións técnicas contempladas no proxecto de obra, (art. 145 RDL 3/2011, arts. 80 e 83.5 do RD 1098/2001), debido a: <ul style="list-style-type: none"> - Puntadas/m² mínimas inferiores ás contempladas no proxecto (se esixe 9.449 +/- 10%, e se oferta 7.559 punt./m²)
Lancer Proyectos y Obras, S.L.	Excluída da licitación, por non cumprir coas condicións técnicas contempladas no proxecto de obra, (art. 145 RDL 3/2011, arts. 80 e 83.5 do RD 1098/2001), debido a: <ul style="list-style-type: none"> - Puntadas/m² mínimas inferiores ás contempladas no proxecto (se esixe 9.449 +/- 10%, e se oferta 7.559 punt./m²)

Terceiro: A orde decrecente de clasificación obtida polas restantes empresas licitadoras admitidas, en función das ofertas presentadas, e tendo en conta a aplicación dos criterios que constan na cláusula 15.3 e Anexo IV do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares é a seguinte:

- 1.- Jardinería Arce, S.L. 97,00 puntos
- 2.- Construcciones Ponciano Nieto, S.L. 86,19 puntos
- 3.- Alvac, S.A. 80,32 puntos.
- 4.- Calfensa Proyectos, S.L. 71,40 puntos



- 5.- Construcciones Navila, S.L. 69,16 puntos
- 6.- Galitec Desarrollos Tecnológicos, S.L. 66,45 puntos
- 7.- Mecano Sport, S.L. 64,86 puntos

Cuarto: Adjudicar a obra incluída no Plan de Acción Social (PAS) 2015, da Excm. Deputación Provincial da Coruña e denominada “**Instalación de céspede artificial e rega no campo de fútbol “Os Pinares”, Brexo-Lema”**”, á entidade “Jardinería Arce, S.L.”, con CIF B-15547979 e domicilio social na rúa Manuel Murguía nº 4-6, entresollado, 15011 A Coruña, no prezo ofertado de 342.430,00 euros, IVE incluído, por ser o licitador que acadou unha maior puntuación, en aplicación dos criterios que constan na cláusula 15.3 e Anexo IV do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, e sen atoparse incurso en presunción de desproporción, segundo informes emitidos coa data do 25 de agosto de 2016, polo Comité de Expertos designado consonte á cláusula 15.1 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente, e mailo emitido o 5 de setembro seguinte polo arquitecto municipal.

As características da proposición do adjudicatario determinantes de que a súa oferta obtivese a maior puntuación, de conformidade co establecido no artigo 151.4.c) do RDL 3/2011, atópanse principalmente, ademais de na baixa económica ofertada, no programa de traballo ofertado, o plan de control de calidade e o plan de seguridade e saúde presentados pola empresa, así como na redución do prazo xustificada e ofertada.

Quinto: Notificar os presentes acordos aos candidatos presentados, e publicar simultaneamente a adjudicación no Perfil de contratante do Concello de Cambre, incluído na páxina web municipal <http://www.cambre.es>, e na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia www.contratosdegalicia.es, de conformidade co establecido no artigo 151.4 do RD Legislativo 3/2011 (Texto Refundido da Lei de contratos do sector público) e cláusula 16.4 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación.

Sexto: Proceder á formalización do contrato en documento administrativo no prazo dos quince días hábiles seguintes á notificación da adjudicación, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato no Perfil de Contratante do Concello de Cambre, na Plataforma de Contratos de Galicia, e máis no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña*, isto de conformidade co disposto nos artigos 154 e 156.3 do Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, e cláusula 17 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares.

Sétimo: Designar como directora da obra á enxeñeira de camiños, canles e portos dona Elena M^a Urcola Tellería, da entidade “Enurcoín, S.L.” (Engineering Consultants Urban International, S.L.), segundo vale de pedido suscrito pola concellería de Deportes con data do 12 de setembro de 2016, e á vista do informe-proposta emitido na mesma data polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito.

A coordinación de seguridade e saúde da obra correspóndelle á entidade “Ingeniería, Medio Ambiente y Prevención del Noroeste, S.L.U. (Inprenor)”, quen designa para estes traballos a dona Laura López Santiago, isto segundo expediente de contratación menor nº 2016/C002/000022 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre en sesión de data 22 de agosto de 2016 .



Oitavo: Desígnase responsable do contrato, para os efectos previstos no artigo 52 do RD Legislativo 3/2011 (Texto Refundido da Lei dos contratos do sector público), ao arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, polo que lle corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións, e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

2. Proposta de designación dos técnicos municipais que integrarán o Comité de Expertos na obra incluída no Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016 "Reforma de local comercial para uso de oficinas municipais"

Visto o expediente de contratación incoado, mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración, e tramitación ordinaria, para adxudicación da obra incluída no Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016 "Reforma de local comercial para uso de oficinas municipais", (Exp. 2016/C006/000006)

Vista a cláusula 15.1 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que rexen o expediente de contratación, na que se contempla a designación dun Comité de Expertos ou Organismo Técnico Especializado, (cuxa composición se designará polo órgano de contratación a proposta da Mesa de Contratación), que emitirá informe técnico debidamente motivado respecto dos factores de adxudicación do procedemento aberto con multiplicidade de criterios, (excepto o factor prezo) á vista da documentación incluída polos licitadores no sobre B: "Referencias Técnicas".

Visto que o Concello de Cambre solicitou da Deputación da Coruña, con rexistro de entrada na Administración Provincial o 20 de xullo de 2016, a designación dun representante que forme parte do citado Comité de Expertos, sendo nomeado pola Deputación don Pedro González Pérez, xefe da sección de asistencia técnica a municipios, e como suplente, dona Isabel Pena Barca.

Visto o informe-proposta emitido pola secretaria accidental da Corporación con data do 26 de agosto e maila proposta formulada pola Mesa de Contratación Permanente do Concello de Cambre, con data do 1 de setembro actual,

Vista proposta da Alcaldía de data 19 de setembro de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, acordou:

Primeiro: Designar a don Óscar Souto Muíño, enxeñeiro municipal de camiños, canles e portos e xefe da sección de obras e servizos, e a don José Ramón Díaz Barbeito, arquitecto municipal, como representantes do Concello de Cambre para integrar, xunto co técnico designado pola Deputación da Coruña (don Pedro González Pérez, e como suplente dona Isabel Pena Barca), o Comité de Expertos que emitirá informe técnico debidamente motivado respecto dos factores de adxudicación non avaliábeis de forma automática do procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración (excepto o factor prezo e demais criterios avaliábeis de forma automática) á vista da documentación incluída polos licitadores no sobre B: "referencias técnicas".



Isto, de conformidade co establecido no artigo 150.2 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público e na cláusula 15.1 do prego de cláusulas administrativas particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 18 de xullo de 2016.

Segundo: Notificar os anteriores acordos aos técnicos integrantes do citado Comité de Expertos, para o seu coñecemento e aos efectos previstos na cláusula 15.1 do prego de cláusulas administrativas reguladoras do expediente de contratación.

Terceiro: Publicar o presente acordo no Perfil de contratante con carácter previo á apertura dos sobres B, de conformidade co establecido no artigo 29.3 do Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do Sector público.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as oito horas e corenta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Oscar A. García Patiño

A secretaria xeral

M^a Luisa de la Red Ampudia